

PÍCAROS

O conto 'O AGASALLO DE ANYA'

Xiana é galega e Anya é ucraína, mais as súas vidas non son tan diferentes **P3**

O teu colexio ESCOLA INFANTIL LUCUS BABY

O centro ofrece o servizo de gardaría, con comedor e escola acuática **P4e5**



DEPORTE

CERTEIROS PRIMEIROS GOLPES

UN DÍA Á SEMANA, 20 RAPACES DE ENTRE 5 E 13 ANOS ACHÉGANSE ATA A ESCOLA DO CLUB DE GOLF LUGO PARA INICIARSE NESTA DISCIPLINA

► **TEXTO: TERESA R. BERMÚDEZ**
FOTOS: X. PONTE

Carlos e Natalia Álvarez aseguran que o golf tamén é para nenos. Pese a súa complexidade técnica e normativa, estes pícaros confesan sentirse atrapados por un deporte que levan anos practicando. Carlos ten agora once anos e comezou aos sete, mentres que Natalia, de nove, iniciouse recén cumpridos os seis anos. Os seus pais e tíos xa o practicaban e así, pouco a pouco, foron adentrándose nun deporte no que queren chegar o máis lonxe posible. «Todo comezou por casualidade —recorda Carlos—, cando o Club de Golf Lugo lle regalou unha acción a miña nai e ela fixo o mesmo co meu pai. Probaron, gustoulles e desde entón...».

Gonzalo Guisasaola é o seu mestre, co que aseguran ter aprendido

moi rápido. «Cada semana facemos cousas distintas: exercicios de puntería, de forza... As clases son moi variadas e Gonzalo fainas moi amenas», comenta orgulloso Carlos.

Tampouco faltan os xogos. Aprender xogando é a táctica máis efectiva. Así pensa Gonzalo, un profesional do golf que hai anos decidiu adicarse a ensinar todos os seus coñecementos aos pícaros. Agora ten 20 alumnos de entre 5 e 13 anos, aínda que asegura que a idade ideal para iniciarse neste deporte son os sete anos.

As clases sempre comezan igual, cun quecemento duns cinco minutos para poñer a ton tódolos músculos. É moi importante porque, aínda que non o pareza, o golf esixe un bo estado físico para evitar lesións. Hai certos movementos que precisan dunha gran flexibilidade. Despois, dependendo das idades, chegarán o resto de exercicios.

Os pícaros están divididos en grupos e Gonzalo ten preparado para cada un deles un adestramento concreto. «O golf é un deporte difícil que require de moita técnica e esixe prestar moita atención. Non sempre se consegue», aclara. Por iso, as clases dos máis pequenos están centradas, sobre todo,

► **PASA Á SEGUINTE PÁXINA**



coolschool
MEDRANDO en BILINGÜE



ABRIMOS TODOS OS DÍAS DA SEMANA

De Luns a Venres polas tardes,
e Sábados e Domingos de 11h a 13h e de 17h a 19h

MANUALIDADES, CONTACONTOS, MÚSICA E MOVIMENTO E
ACTIVIDADES MULTIMEDIA - PARA NENOS E NENAS DE 3 A 12 ANOS



APRENDER INGLÉS XOGANDO É UNHA DAS MANEIRAS MÁIS EFICACES DE CONSOLIDALO

AVDA DA CORUÑA 21, LOCAL 5 (FRONTE Á LIBRARÍA TRAMA)
982 22 99 80 - 635 097 792 - 630 367 421 www.coolschool.lu



REPORTAXE

► VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

no xogo. Os nenos achéganse ata o campo encantados. Xamais pensaron que ao descubrir o golf ían entrar nun mundo tan emocionante. «Eu quero chegar a ser un profesional, aínda que sei que é moi difícil e vaime costar moito», apunta Carlos. Gana e ilusión non faltan.

Co paso do tempo, o golf foi gañando adeptos entre o público infantil. Cando as condicións metereolóxicas o permiten, gozan da natureza no campo que o club ten a sete quilómetros de Lugo. Se non é posible, dispoñen dun amplo 'tee' de prácticas, unha zona

uberta onde traballan o seu mellor golpe.

O punto forte de Carlos son os golpes largos. Cando dispón de tempo, ademais da hora á semana que acode á escola tamén recibe algunha clase particular extra que lle axuda de cara aos campionatos. «Os estudos tampouco me deixan moito máis tempo libre e non podo practicar todo o que me gustaría», sinala. As fins de semana tamén son un bo momento para xogar pola súa conta. «Vou con meus pais e tamén co meu tío», aclara. No club de golf atópase co resto dos seus compañeiros de xogo, cos que ademais da afección comparte

unha auténtica amizade.

A ocasión de poñer a proba todo o aprendido durante o ano son os campionatos, así como as ligas das diferentes categorías. O Club de Golf Lugo acolle varios torneos ao longo do ano, nos que os futuros golfistas se miden con outros nenos da súa categoría. Nese momento hai que ter os nervios temperados. Para isto tamén se preparan nas clases que imparte

Gonzalo. «Hai tempadas mellores e outras peores», di Carlos con resignación.

Pero, por enriba de todo, a máxima ilusión destes pícaros é verse no campo xogando como auténticos profesionais.

O mestre síntese moi orgulloso de tódolos seus alumnos e non dubida en animalos cando as cousas non van todo o ben que lles gustaría.

Despois das clases chega o momento de reunión. Un salón que hai no club convértese por uns intreos nun lugar de recreo no que os pícaros aproveitan para charlar un anaco e xogar. É tempo de relax no que o golf é moitas veces o protagonista, pero noutras pasa a un segundo plano e a tecnoloxía é a protagonista.

Hoxe son 20 nenos, pero Carlos espera que ese número vaia medrando e ese grupo de 'pequeamigos' do golf chegue a ser moi numeroso: «Eu so lles digo aos meus amigos que o proben e se lles gusta, ¿por que non...?», conclúe con entusiasmo.

Cando as condicións metereolóxicas son desfavorables, o club dispón dunha ampla zona cuberta para practicar o golf



Os pícaros están divididos por idades nunhas clases nas que, ademais de mellorar a súa técnica, gozan de xogos cos que aprenden divertíndose.



debutando

1. Decoración de Nadal. Alumnado do CEIP Casás. (Lugo).

2. Edgar García Bermúdez. Colexio Cervantes. (5º curso).

3. Joel Illán García. CEIP do Corgo. (5 anos).

4. Diego. Escola infantil Coké 2. (Lugo).

